



## **PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO**

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

# **P.X.O.M. DE VIGO ORDENACIÓN DETALLADA DO ÁMBITO APR 4-09 CALVARIO 6**



# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

## ÍNDICE

I. MEMORIA EXPOSITIVA E XUSTIFICATIVA.....	3
1. Conveniencia e oportunidade.....	3
2. Identificación do ámbito de planeamento e determinación do PXOM.....	3
3. Contextualización e preexistencias.....	6
4. Elementos Estruturantes da Proposta.....	6
5. Obxectivos.....	7
6. Criterios de Ordenación.....	7
7. Cadro xeral de Superficies.....	7
8. Cumprimento das especificacións da Ficha de determinacións do PXOM.....	10
9. Ordenanzas propias da Ordenación Detallada.....	11
10. Criterios seguidos para a implantación dos servizos.....	11
11. Viabilidade económica da Transformación.....	11
12. Sistema de Actuación.....	13
13. Polígonos.....	13
II. ORDENANZAS PROPIAS DA PRESENTE ORDENACIÓN.....	14
III. PONDERACIÓN ENTRE USOS PORMENORIZADOS.....	26
IV. DETERMINACIÓN, NO SEU CASO, DOS POLÍGONOS.....	27
V. CRITERIOS SEGUIDOS PARA A IMPLANTACIÓN DOS SERVIZOS.....	28
ANEXO: CÁLCULO DE DEMANDAS.....	45
VI. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI 8/97, DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS, E O REGULAMENTO QUE A DESENVOLVE.....	53
VII. PLANOS.....	57



# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

## I. MEMORIA EXPOSITIVA E XUSTIFICATIVA

### 1. Conveniencia e oportunidade

A presente Ordenación Detallada redáctase polos servizos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, no seo da Modificación Puntual n.º 10 do PXOM, para dar cumprimento á sentenza STXG n.º 135/2013 de 21.02.2013 que poñía en cuestión a categorización de solo como Solo urbano non consolidado dunha parcela deste ámbito, co gallo de deixar pronta a ordenación dos grandes baleiros urbanos da cidade consolidada, para zonas igualmente baleiras de menor dimensión, para as áreas incluídas no que o PXOM denominou “Actuacións Estratéxicas”, para áreas onde a programación esixe unha pronta obtención de sistemas xerais, ou para áreas necesitadas de fonda reforma interior.

### 2. Identificación do ámbito de planeamento e determinación do PXOM

A presente Ordenación Detallada, correspóndese co ámbito de solo urbano non consolidado, no seo da Modificación Puntual n.º 10 do PXOM, identificado como APR-4-09, CALVARIO 6, cuxa superficie abrangue 2.378 m<sup>2</sup>, tal como ven determinada na Ficha de Características do dito Ámbito, que se reproduce na páxina que ven de seguido, cuxos parámetros de obrigado cumprimento se teñen en conta á hora de perfilar a presente Ordenación Detallada.



# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE  
VIGO OUTUBRO 2014

## FICHA ÁMBITO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

NOME: **CALVARIO 6** DISTRITO: **4** CLAVE: **A-4-09** Páx 1

### 1. SUPERFICIES

Superficie Delimitada 2.378 m<sup>2</sup>

#### Sistemas Locais

#### Existentes

Verde:	
Equipamento/Infraestructuras:	
Viarío:	980

#### Sistemas Xerais Incluídos

#### Existentes

Verde:	
Equipamento/Infraestructuras:	
Transporte principal:	
Viarío estruturante:	

#### Propostos


#### Sistemas Xerais Adscritos

Verde:	
Equipamento:	
Transporte principal:	
Viarío estruturante:	

#### Propostos


Superficie Computable para o Aproveitamento Tipo 1.398 m<sup>2</sup>

### 2. USOS E INTENSIDADES

Cumprimento do Art.55.2

Superficie Total edificable	3.750	m <sup>2</sup> c
Índice de Edificabilidade Bruta	1,577	m <sup>2</sup> c/m <sup>2</sup> s
Uso:	Tipoloxías edificatorias:	Ordenzas de referencia:
RESIDENCIAL	A, B, C, G	3, 4, 6

Altura Máxima 10 Andares

### 3. CONDICIÓN DE EQUIDISTRIBUCIÓN

Cumprimento do Art.113

Uso global característico:	Máx:	Mín:	Coef (G):
RESIDENCIAL	100		1,000

Tipoloxía edificatoria Característica A

Aproveitamento Tipo (AT) 2,682 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup>s

CONSTITÚE UN ÁREA DE REPARTO



# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

## MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

NOME: **CALVARIO 6** CLAVE: **A-4-09** Páx 2

### 4. DESENVOLVEMENTO E XESTIÓN

Iniciativa da formulación do planeamento:

Sistema de actuación:

Prazos de desenvolvemento:

### 5. RESERVAS MÍNIMAS PARA SISTEMAS LOCAIS

Verde:  m<sup>2</sup> de solo

Equipamento:  m<sup>2</sup> de solo

Aparcamentos públicos:  Nº Plazas

### 6. SISTEMAS XERAIS

#### 6.A RESERVAS DE SOLO

#### 6.B IMPUTACIÓN DE CONEXIÓNS, AMPLIACIÓNS OU REFORZOS

Sistema	Nome	Imputación
SÚBSISTEMAS DE DISTRIBUCIÓN DE SANEAMENTO DE PLUVIAIS		
SX/IN-SU/PL2/28.001	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.002	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.003	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.004	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.005	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.006	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.007	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.008	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%

### 7. CARGAS URBANÍSTICAS ESPECÍFICAS

### 8. OBXETIVOS DE PLANEAMENTO E CRITERIOS DE ORDENACIÓN

- A ordenación deste ámbito toma como referencia o documento de modificación do polígono nº 11, con aprobación definitiva do 20 de Outubro de 2005. AMBITO CON ORDENACIÓN DETALLADA

### 9. OBSERVACIÓNS E RECOMENDACIÓNS

- O planeamento de desenvolvemento derivado do plan xeral deberá someterse á avaliación ambiental estratéxica (AAE) segundo a Lei 9/2006, Lei 6/2007 de medidas urxentes e o artigo 4.0.3. Das NN.UU. do Plan Xeral, incluíndo a avaliación acústica e electromagnética.
  - Requirirase informe favorable de Augas de Galicia sobre garantías de abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais.
  - Non se prevé a reserva de edificabilidade residencial suxeita á algún réxime de protección (VPA) no ámbito toda vez que a súa ordenación remítese a un planeamento con procesos de desenvolvemento xa iniciados.
- Xa que logo, estarase ao disposto no artigo 55.3 da Lei 9/2002 no conxunto do Distrito.
- Este ámbito modificouse con respecto á aprobación definitiva do PXOM, tendo en conta a sentenza STXG nº 135/2013 de 21.02.2013.
- A ordenación e urbanización deste ámbito deberá coordinarse co colindante en solo urbano consolidado AOP-25 REISEÑOR-SAN ROQUE, cuxo proxecto de urbanización conxunto deberá tomar como referencia o proxecto de urbanización do Polígono 11 do PERI CALVARIO( Expdte. 4623/401) aprobado definitivamente o 22 de xuño de 2009.



### 3. Contextualización e preexistencias.

O presente Ámbito, contemplado polo PXOM como unidade completa do planeamento da área, forma parte dun conxunto de ámbitos de dimensións reducidas que, dispersos dentro da trama urbana consolidada, necesitan unha fonda reforma interior por presentar diversas problemáticas: mala accesibilidade, espazos sen calidade ambiental, convivencia de elementos rurais con elementos urbanos, coexistencia de tipoloxías variadas, falta de aparcamentos, terreos con fortes pendentes, carencia de espazos libres, etc.

Esta área a ordenar forma parte do cuarteirón conformado polas rúas San Roque, Gregorio Espino, Reiseñor e Colombia, dentro da cidade consolidada nunha zona en estado de transformación e renovación. Nela coexisten edificios en ruínas, vivendas abandonadas, infravivenda, parcelas baleiras, galpóns e algunha vivenda unifamiliar. É unha zona sen ningunha calidade urbana, con vexetación descoidada e exuberante, viarios estreitos e vivenda deteriorada ao carón de cuarteiróns consolidados con edificación en altura entre medianeiras.

No planeamento anterior PXOU/93, e na aprobación definitiva do PXOM en 2.008, remitíase a ordenación á Modificación Puntual do PERI do Calvario, no Polígono nº 11, con aprobación definitiva do 20 de outubro de 2.005.

### 4. Elementos Estructurantes da Proposta.

Como elementos que conforman a ordenación deste ámbito concreto desta área, é preciso salientar os seguintes:

- Creación dun espazo libre no interior da couzada, ao que se acceda dende a rúa San Roque, e que se complete, en anel con entrada e saída. Isto mellora as conexións da zona e estrutura a ordenación.
- Obtención de espazos libres e cesións de uso en superficie que esponxan o tecido urbano da zona mellorando a calidade ambiental e que conectarán cos espazos libres xa existentes e cos que se consigan no ámbito da área de ordenación pormenorizada en solo urbano consolidado lindeira AOP-25-REISEÑOR-SAN ROQUE.
- Ordenación da edificabilidade do ámbito con tipoloxías de maior densidade máis acordes coa trama urbana actual da zona, que nos permitan obter os espazos verdes antes comentados.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

### 5. Obxectivos.

O obxectivo fundamental desta ordenación é incorporar esta área na trama urbana consolidada, facéndoa partícipe da transformación que está sufrindo a zona na que se atopa. Trátase de sanear o ámbito e obter espazos con calidade ambiental que melloren e artellen a estrutura da cidade, facilitando accesos e conexións co tecido existente.

Outro obxectivo importante é o de desenvolver esta actuación urbanística conxuntamente coa área de ordenación pormenorizada AOP-25 REISEÑOR-SAN ROQUE, para que se poidan complementar e executar simultaneamente levando a cabo a transformación da totalidade do cuarteirón.

### 6. Criterios de Ordenación.

Para a ordenación de toda a área, entendéronse como criterios xerais de necesaria aplicación, os seguintes:

- A ordenación que se propón pretende respectar, no máximo posible, a ordenación asumida polo PXOM do Polígono 11 do PERI do Calvario e a súa Modificación Puntual aprobada definitivamente o 20 de outubro de 2.005, no ámbito APR A-4-09 CALVARIO 6 e cuxa execución foi suspendida por unha sentenza xudicial (STXG nº 135/2013 de 21.02.2013), unicamente poñendo en cuestión a categorización de solo como Solo urbano non consolidado dunha parcela deste ámbito
- Necesidade de esponxar o tecido da cidade consolidada nesta zona, creando espazos libres públicos, e potenciándoos como elementos artelladores da trama integrándoos nun verdadeiro sistema de zonas verdes.
- Mellorar a estrutura viaria, e polo tanto a accesibilidade e as conexións da zona, nunha área con infinidade de calexas estreitas nas que se intensifica o tráfico día a día.
- Localizar a edificabilidade necesaria para a efectividade da ordenación, de xeito que se poidan obter zonas verdes e usos en superficie creando agradables e con calidade.

### 7. Cadro xeral de Superficies

O cadro xeral de superficies dispónse nas follas que veñen a seguir.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

<b>Ámbito:</b>		CALVARIO 6		<b>Sup. Total</b>		2.378 m <sup>2</sup>						
<b>Couzada Nº</b>	<b>Parcela nº</b>	<b>Superficie m<sup>2</sup></b>	<b>Edificab. m<sup>2</sup>.c</b>	<b>Aprov. m<sup>2</sup> / m<sup>2</sup></b>	<b>USO LUCRATIVO</b>		<b>Nº Plantas</b>	<b>Libre Priv. m<sup>2</sup></b>	<b>SISTEMAS LOCAIS</b>		<b>CESIÓNS DE USO DE SUPERFICIE</b>	
					<b>Ocupación %</b>				<b>Esp. libre m<sup>2</sup></b>	<b>Viario m<sup>2</sup></b>	<b>Esp. libre m<sup>2</sup></b>	<b>Viario m<sup>2</sup></b>
					<b>s.r.</b>	<b>b.r.</b>						
<b>M.1</b>	P.1	690	3.750		57	100	X				297 85 (soportal)	
	P.2	82							82			
	P.3	497									224	273
	<b>Total</b>	1.269		-		-			82		606	273
<b>M.2</b>	P.1	580							580			
	P.2	152									152	
	<b>Total</b>	732		-		-			580		152	
<b>V1</b>		387									387	
<b>Total</b>		387									387	





## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

Ámbito: CALVARIO 6 **Sup. Total** 2.378 m<sup>2</sup>

Resumen de Couzadas:

Manzana	Superficie m <sup>2</sup>	USO LUCRATIVO		SISTEMAS LOCAIS		CESIÓN DE USO DE SUPERFICIE	
		Edificab. m <sup>2</sup> .c	Libre Priv. m <sup>2</sup>	Esp. libres m <sup>2</sup>	Viario m <sup>2</sup>	Esp. libres m <sup>2</sup>	Viario m <sup>2</sup>
nº							
M.1	1.269	3.750	-	82	-	606	273
M.2	732			580		152	-
V.1.	387				387	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>2.388(*)</b>	<b>3.750</b>		<b>662</b>	<b>387</b>	<b>758</b>	<b>273</b>

(\*) Incrementouse en 10 m<sup>2</sup> sobre ámbito da ficha para enlace do viario

Sup. Total de ámbito (\*) = 2.378 +10 =

**2.388** m<sup>2</sup>

Sup. Viario V.1. = 387 m<sup>2</sup> + 273 m<sup>2</sup> sobre c.u.s.

**660** m<sup>2</sup>

Sup. Espazos libres = 662 m<sup>2</sup> + 758 m<sup>2</sup> sobre c.u.s.

**1.420** m<sup>2</sup>

Total superficie a urbanizar:

**2.080** m<sup>2</sup>



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

### 8. Cumprimento das especificacións da Ficha de determinacións do PXOM.

En razón do disposto no Artigo 62.1.b. da Lei 9/2002 considéranse como determinacións estruturantes, aquelas ás que se fai referencia, para o solo urbano non consolidado, no Artigo 55.2, a saber:

- Ámbito
- Usos globais e tipoloxía edificatoria
- Altura máxima
- Superficie total edificable
- Reservas de solo para dotacións urbanísticas
- Previsión de sistemas xerais necesarios para o desenvolvemento do APR

Por conseguinte, estas determinacións non se poderían alterar en ningún suposto, mesmo que se procede a redactar un Plan Especial para acometer modificacións do disposto no Plan Xeral (sempre que sexan de carácter non estruturante)

Estas determinacións estruturantes no que respecta á presente Ordenación Detallada da APR-4-09 CALVARIO 6, son as seguintes:

Determinacións	Da Ficha de Características	Da Ordenación Detallada
Estruturantes		
Superficie do ámbito (m <sup>2</sup> )	2.378	2.378
Usos globais e tipoloxía edificatoria:		
a) Residencial	(Max. 100%)	100 %
Altura máxima (nº andares)	10	10
Superf. máx. edificab (m <sup>2</sup> )	3.750	3.750
Reserva dotacións:		
a) espazos libres (m <sup>2</sup> )	988 ( exist.)	1.420
b) Equipamentos (m <sup>2</sup> )	-	-
c) Aparcam. Públicos (nº)	4	10
Previsión de Sist. Xerais	Non	Non



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

### **9. Ordenanzas propias da Ordenación Detallada.**

As Ordenanzas de aplicación no ámbito de CALVARIO 06 (APR-4-09) son as que figuran con este título dentro da Documentación Literaria da presente Ordenación Detallada, conformando o Capítulo II da mesma. Como se pode comprobar pola súa lectura distinguen entre as Ordenanzas de carácter xeral e as Ordenanzas Particulares da Ordenación do presente ámbito (estruturadas en Artigos numerados precedidos da partícula “CAL-1”). Estas Ordenanzas responden á correcta e cumprida harmonización entre as Normas dimanantes da Normativa xeral do PXOM e as condicións concretas de ordenación da presente APR.

### **10. Criterios seguidos para a implantación dos servizos.**

Os criterios seguidos para a implantación dos servizos no presente ámbito APR-4-09, CALVARIO 06, así como a xustificación das necesidades da urbanización dos terreos do ámbito, tanto no interior do mesmo como no que respecta ás conexións coas redes xerais dos servizos figuran no Capítulo V da presente Ordenación Detallada e responden a correcta e cumprida harmonización entre as disposicións que ao respecto se conteñen na Memoria e Normativa do PXOM e as condicións concretas da ordenación do desenvolvemento da presente APR.

### **11. Viabilidade económica da Transformación.**

Os datos sobre custos de indemnizacións, así como os de transformación (urbanización) figuran na folla que se xunta a este epígrafe. Pódese ver que, pese á compoñente indemnizatoria, a viabilidade económica da operación resulta clara.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

Clave: A-4-09 Nome: CALVARIO 6

Ámbito de solo urbano non consolidado

Superficie Delimitada:	2.378 m <sup>2</sup> S
Superficie Computable:	1.398 m <sup>2</sup> S
Superficie Total Edificable:	3.750 m <sup>2</sup> T
Índice Edificabilidade Bruta:	1,577 m <sup>2</sup> T/m <sup>2</sup> S

### **COSTOS DE TRANSFORMACIÓN**

Urbanización Normal:	471.186 €
Urbanización Especial (Imputacións e conexións):	0 €
Indemnizacións Normales:	185.716 €
Indemnizacións Especiais:	0 €
Cargas Específicas segundo Convenio:	0 €
Total Gastos:	656.902 €

### **VALOR PRODUTO INMOBILIARIO**

Valor Promediado:	742 €/m <sup>2</sup> T
Valor Apropiable 3.750 m <sup>2</sup> T x 742 €/m <sup>2</sup> T x 0,90	2.504.250 €

### **VALOR INICIAL DO SOLO**

Valor Apropiable:	2.504.250 €
Total Gastos:	656.902 €
Superficie Computable:	1.398 m <sup>2</sup> S
Valor Residual (712.125€ - 349.949€) / 1.390m <sup>2</sup> S	1.321 €/m <sup>2</sup> s



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

### **12. Sistema de Actuación.**

Para a execución das previsións da presente ordenación detallada fíxase o sistema de Compensación, cos prazos estipulados na Ficha de Características do Ámbito.

### **13. Polígonos.**

Dada a dimensión superficial non excesiva do ámbito APR-4-09 o sistema de actuación fixado, a complexidade das determinacións e a ausencia, polo de agora, de concertación para a execución das determinacións do planeamento, enténdese que é asumible esa execución nun só polígono.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

### II. ORDENANZAS PROPIAS DA PRESENTE ORDENACIÓN

#### ORDENANZAS DE CARÁCTER XERAL.

A presente Ordenación Detallada desenvolve a Ficha de xestión do Plan Xeral do ámbito de Solo Urbano Non Consolidado, **APR** coa Clave **A-4-09**, na que se establecen as condicións xerais de Aproveitamento, Usos e intensidades, altura máxima condicións de equidistribución, tipoloxías edificatorias, reservas para sistemas locais e xerais, imputacións de conexións e servizos, Obxectivos e Recomendacións.

A Ordenación Detallada, e o seu posterior desenvolvemento, está suxeita, en todo o non previsto nas ordenanzas particulares, ás Normas Urbanísticas do Plan Xeral de Ordenación Municipal, especialmente ás Normas Xerais de Usos, Título V; Xerais de Edificación, Título VI; e Xerais de Ordenación e Urbanización, Título VII.

Para a interpretación destas normas poderá acudirse ao que figura na Memoria xustificativa desta AOD e na da Modificación Puntual nº 10 do PXOM, que desenvolve.

#### ORDENANZAS PARTICULARES DA ORDENACIÓN

##### ÁMBITO A-4-09 CALVARIO 6.

##### Artigo CAL.1-1. Ámbito de aplicación.

Pertencen ao ámbito definido no Plan Xeral como un APR, A-4-09, que se desenvolve como Ordenación Detallada coas condicións e determinacións, literarias e gráficas, que se inclúen neste Documento.

##### Artigo CAL.1-2. Tipoloxías Edificatorias.

De tódalas tipoloxías que establece a Ficha do APR e de acordo co Artigo 6.6.17 da Normativa Urbanística (**A, B, C ou G**), as tipoloxías da ordenación detallada axústanse á tipoloxía **G**: Tipoloxía Mixta.

##### Artigo CAL.1-3. Aliñacións e Rasantes.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

### MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

1. A Ordenación Detallada determina as aliñacións de toda a rede viaria, quedando a definición xeométrica do seu trazado en planta resolto polas coordenadas UTM dos planos en soporte dixital que acompañan ao Plan Xeral, resolvendo os enlaces cos viarios existentes do contorno, onde elo é posible ou acorde coa ordenación.
2. Todas as seccións tipo de Viario reflíctense no plano e acóutanse, e definen cun largo mínimo de beirarrúa de cento oitenta (180) centímetros, se ben en determinados casos ao non poder coincidir o trazado dun viario co límite do ámbito algunha das beirarrúas queda reducida de dimensión completándose a sección total do viario no solo urbano consolidado e no ámbito lindeiro AOP-25 REISEÑOR-SAN ROQUE.
3. As rasantes definitivas dos viarios establécense nos puntos de encontro dos eixos viarios por considerar que desta maneira queda suficientemente definida a altimetría da rede de comunicacións.

#### Sección 1ª Edificación Lucrativa. Ordenanzas Específicas.

##### Artigo CAL.1-4. Condicións de Edificación, Ocupación y Número de plantas.

- 1.- A Ordenación, aos efectos da regulación de aproveitamentos e condicións da edificación, establece unha organización e estrutura determinada polo Viario V1 que, xunto co límite do ámbito, define dúas Couzadas M.1 e M.2 que, á súa vez, subdivídense en Parcelas que constitúen a base da regulación. Algunhas Parcelas ou Couzadas teñen o uso de espazos libres axardinados, con carácter de Sistema Local.
- 2.- As parcelas definidas pola Ordenación son soamente aos efectos de atribuír as intensidades de usos e os espazos libres, públicos ou privados, ou dotacionais sen que constitúan a parcelación do ámbito que corresponderá ao desenvolvemento da presente Ordenación. As superficies que se citan nesta AOD resultan dunha medición aproximada, e poden reaxustarse xustificadamente nun levantamento topográfico máis axustado, dentro do instrumento de equidistribución. Os datos de aproveitamento lucrativo son máximos.
- 3.- As condicións específicas de cada Couzada e Parcelas de uso lucrativo que se recollen no seguinte cadro teñen o carácter de Ordenanza Específica para cada Parcela:

Couzada nº	Parcela nº	Superficie m <sup>2</sup>	Edificabilidade m <sup>2</sup> c máximo	Ocupación B. rasante	S. rasante	Altura nº de Plantas
M.1	P.1	690	3.750	100%	57%	X



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

4. O Uso Pormenorizado de Vivenda Libre, e a edificabilidade correspondente, distribúese na seguinte Couzada e Parcela segundo a seguinte relación:

Couzada	Uso Pormenorizado	Parcela o Subparcela	Edificabilidade m <sup>2</sup>
M.1	Vivenda Libre	P.1	3.750 m <sup>2</sup>

O Proxecto de Compensación, ou instrumento de equidistribución equivalente, definirá os límites precisos da parcela á que se lle asigna a edificabilidade do Uso de Vivenda.

### **Artigo CAL.1-5. Condicións particulares de Ocupación e Servidumes.**

1.- A estrutura da Couzada M-1, Parcela 1, organízase de xeito que hai unha zona porticada na Planta Baixa para dar continuidade cos espazos libres.

### **Artigo CAL.1-6. Condicións de Parcelación.**

A única parcela definida nesta ordenación detallada con aproveitamento lucrativo (M-1 P-1) non é susceptible de parcelación e unicamente caberá o seu axuste dimensional en base ao disposto no artigo CAL.1-4. O resto de parcelas de espazos libres públicas poderán agruparse no instrumento de equidistribución a efectos de súa cesión ao dominio público municipal como mellor proceda.

### **Artigo CAL.1-7. Condición de Solar.**

A parcela P1 da Couzada M1 cumpre a condición de Solar, regulada polo artigo 6.2.13 das Normas Urbanísticas, e a súa edificación considérase que pode responder a promocións unitarias que resolven as condicións de aparcamento nas Plantas Baixo Rasante reguladas segundo a porcentaxe de ocupación establecida para ela.

### **Artigo COL.1-8. Aliñacións e Posición da Edificación.**

1. A edificación disporase de acordo coa localización definida nos planos de Ordenación da presente Ordenación Detallada coa edificabilidade lucrativa establecida no artigo CAL.1-4.

2. As áreas de movemento da edificación definidas deberá ser respectadas, e a ocupación total, sobre ou baixo rasante, non poderán sobrepasar as porcentaxes atribuídas no citado Artigo.

3.- A separación entre bloques e as distancias a eixos de rúa ou lindeiros son as que resultan da posición acoutada no plano de Ordenación e Regulación.





## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

### **Artigo COL.1-9. Cota de orixe e referencia.**

1. A cota de orixe e referencia coincide coa de nivelación da planta baixa na aliñación de rúa e situarase de acordo coas determinacións do Artigo 6.3.5. das Normas Urbanísticas.
2. No plano 3.4. de seccións desta ordenación detallada determínase a cota de orixe e referencia, que será precisada, cos mesmos criterios mediante un levantamento topográfico asinado por técnico competente que será validado polos servizos técnicos municipais.
3. No caso de xurdir maiores pendentes acudirase ao disposto con carácter xeral na normativa do PXOM, no referente a escalonamentos da edificación.

### **Artigo CAL.1-10. Profundidade dos edificios.**

1. Serán segundo están definidos na ordenación, coas súas áreas de movemento.
2. Nas plantas superiores á sétima do edificio previsto na parcela P-1 da M-1 a profundidade reducirase en tres metros con respecto ás edificacións con fronte á Avenida de Martínez Garrido, aos que se acaroa en plantas inferiores deixando os patios interiores de parcela que sexan preciso para respectar condicións de código civil, cumprir condicións de habitabilidade e normativa xeral de uso do PXOM.

### **Artigo CAL.1-11. Altura das Edificacións.**

1. A edificación non rebasará no número de Plantas as definidas no cadro do artigo CAL.1-4, e a altura de coroación, medida en metros desde a cota de nivelación da planta baixa obterase cos seguintes valores tipo:

Planta Baixa	Altura de cálculo 4,50 metros
Plantas tipo	Altura de cálculo 3,50 metros

Polo tanto, a altura de coroación será a seguinte:

Edificios de X plantas	36 metros
------------------------	-----------

2. Sobre a última planta permitida, en cada unha das anteriores situacións, caberá a construción dunha planta de ático, incluído no cómputo da edificabilidade, con retranqueos de corenta e cinco (45) graos sexaxesimais a tódalas fachadas, sen que isto poda reportar incremento da edificabilidade atribuída a cada parcela.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

### MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

3. A efectos da medición da altura en metros, considérase que dentro da altura de coroación cabe a prolongación do plano de fachada hasta cento vinte (120) centímetros sobre o forxado da última planta permitida, co fin de que unha posible utilización arquitectónica baixo cuberta, que computa desde eses centímetros, poida ser de máis interesante volumetría. En ningún caso autorizarase a prolongación dos frontes saíntes de corpos voados ou miradoiros, e o voo do aleiro tamén se medirá sobre o plano da fachada, sen que sexa posible establecer recrecidos sobre dito voo.

#### **Artigo CAL.1-12. Construcións permitidas por enriba da altura.**

1. Ademais da posible construción de áticos recuados, recollida el punto 2 do Artigo anterior, poderase construír cuberta inclinada con pendente máxima de trinta (30) graos sexagesimais, con panos non quebrados, e remates de estilo e deseño do edificio, ou letreiros ou emblemas que, en todo caso estarán por debaixo dunha envolvente del edificio, sólido capaz, definido polas súas fachadas e a intersección dos planos que arrancando do final das mesmas teñan unha inclinación non superior a corenta e cinco (45) graos sexagesimais.

2. Sobre o plano de cuberta só poderán sobresaír os elementos de ventilación, chemineas, as antenas de calquera tipo de televisión, que deberán ser colectivas, calquera elemento de aproveitamento da enerxía solar ou outros que poidan estar autorizados pola Normativa Xeral da Edificación do Título VI.

#### **Artigo CAL.1-13. Altura de pisos.**

1. A altura mínima libre de pisos será de:

- a) Trescentos cincuenta (350) centímetros para a planta baixa.
- b) Douscentos sesenta (260) centímetros para as plantas de piso.

#### **Artigo CAL.1-14. Saíntes e voos.**

1. Nas edificacións cuxa fachada non coincida cunha aliñación da rúa, permítense sobresaír das fachadas exteriores cos saíntes contemplados no Art. 6.6.19. das Normas Urbanísticas, podendo os corpos voados cerrados acadar o sesenta (60) por cento da fachada.

2. Na fachada que coincida coa aliñación oficial admítense balcóns, balconadas e miradoiros realizados de acordo co artigo 6.6.19 das Normas Xerais da Edificación, limitados os seus saíntes en función do largo da rúa e respectando as medidas do cadro seguinte.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

### MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

Largo da rúa (metros)	Saínte (metros)
Maior de 6 a igual ou menor 10	0,45 m.
Maior de 10 a igual ou menor 15	0,75 m.
Maior de 15	1,00 m.

O arranque dos corpos voados non poderá estar a unha distancia do lindeiro lateral inferior ao seu saínte, medido este na súa totalidade, sen poder saír de maneira oblicua dende o lindeiro de comenzo da fachada.

3. A altura libre mínima entre a cara inferior do forxado do corpo saínte e a rasante da beirarrúa será de trescentos cincuenta (350) centímetros, nas fachadas situadas na aliñación oficial da rúa. Nas fachadas interiores poderanse realizar a partires da cara inferior do forxado do teito da planta baixa.

4. Nos chafráns só poderanse establecer corpos voados en prolongación dos panos de fachada, sen prolongación dos corpos voados das mesmas, desde a cara inferior do forxado do solo da planta segunda.

5. Cornixas e aleiros: o saínte máximo de cornixas e aleiros, medido desde o plano de fachada que coincida coa aliñación da rúa, non rebasará:

Largo de rúa (metros)	saínte (metros)
Maior de 9 a igual ou menor de 15	0,75
Maior de 15	0,80

6. En outras edificacións, o saínte máximo das cornixas e aleiros respecto aos planos de fachada non excederá de oitenta (80) centímetros; poderá superarse esta dimensión, en tal caso o exceso computará aos efectos de ocupación e posición do edificio. En ningún caso poderá rebasar a aliñación oficial en máis de oitenta (80) centímetros.

#### **Artigo CAL.1-15. Seguridade fronte a incendios.**

Con independencia do cumprimento da normativa Básica de Protección Contra Incendios, vixente en cada momento, a edificación disporase de forma que permita a aproximación a todas as fachadas exteriores, sobre as que recaia unha vivenda, dun vehículo de bombeiros, a través dun espazo de manobra que conectará coa vía pública. Se o acceso dispón de porta ou cancela, a solución construtiva da mesma permitirá o seu fácil e rápido franqueo. O largo do espazo de



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

### MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

manobra será superior a tres (3) metros e no caso de ter edificación baixo rasante, o forxado deberá estar calculado cunha sobrecarga de uso non inferior a dous mil (2.000) kilogramos por metro cadrado.

#### **Artigo CAL.1-16. Condicións hixiénicas.**

1. Todas as pezas habitables deberán ser exteriores, debendo ter ocos a espazo público, a espazos libres de parcela exteriores á edificación ou ao espazo libre interior.
2. Os locais que dean a patio interior de parcela deberán cumprir, estes, as dimensións reguladas polo artigo 6.7.15 da Normativa Urbanística do PXOM.

#### **Artigo CAL.1-17 Condicións de Accesibilidade.**

Ademais das Normas Xerais da Edificación, Título VI, e as de Usos, do Título V, destas Normas, as construcións deberán axustarse ás condicións establecidas pola Lei 8/1997, de 20 de agosto sobre Accesibilidade e Supresión de Barreiras, e Regulamento 35/2000 que a desenvolve, e á Orden VIV/561/2010.

#### **Artigo CAL.1-18 Condicións de Garaxe Aparcamento.**

1. Todos os edificios deberán reservar prazas de garaxe aparcamento en proporción a 1,50 placas por cada 100 metros cadrados de construción para dar cumprimento ao estándar fixado por el Artigo 47 da Lei 9/2002.
2. Os garaxes aparcamento deberán cumprir as Condicións xerais por razón de uso estipuladas no Título V de las Normas Urbanísticas.
3. Para facilitar o cumprimento da reserva de prazas de aparcamento privadas na M1 P-1 permítese unha maior superficie baixo rasante cuxo uso de superficie deberá cederse ao Concello.

#### **Artigo CAL.1-19. Ocupación e tratamento dos espazos non edificadas.**

Os espazos non ocupados pola edificación que a Ordenación Detallada determine que o seu uso deba de ser público, en réxime de Cesión de dominio e/ou uso público, deberán ser urbanizados e tratados como espazos libres e non poderán cerrarse ou valarse.

#### **Sección 2ª Edificación Lucrativa. Condicións de Usos.**

#### **Artigo CAL.1-20. Usos Pormenorizados.**



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

### MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

1.- O Plan Xeral determina como Uso Global Característico o Residencial, que a Ordenación Detallada desagrega no único uso pormenorizado de: Residencial Clase Vivenda, Categoría 2ª; de Residencial Libre;

2.- Así mesmo a Ordenación Detallada define as zonas correspondentes aos Sistemas Locais,, para os usos de Espazos Libres Públicos e viario público.

#### **Artigo CAL.1-21. Localización dos Usos Pormenorizados.**

1. A Ordenación Detallada asigna o Uso Pormenorizado de Vivenda, Categoría 2ª, Vivenda Libre á Parcela P.1. da Couzada M.1.

#### **Artigo CAL.1-22. Réxime do Uso Característico pormenorizado.**

1. *Uso Característico*: Residencial, Clase Vivenda libre non necesariamente sometida a ningún réxime de protección, Categoría 2ª.

2. *Usos Compatibles no mesmo edificio*:

- Residencial Clase Residencia Categoría 3ª
- Terciario, Clase Hostaleiro: Categorias 1ª e 2ª, ocupando, entre ambas, unha superficie inferior ó 30% do total.
- Terciario Xeral, Clase Comercio: Categorias 1ª, 2ª e 3ª, esta última non alimentaria, calquera só en plantas Baixa e primeira ou en sotos e semisotos vinculados á planta Baixa.
- Terciario Xeral, Clase Oficinas: Categoría: 6ª en calquera planta asociada a vivenda. Categorias 7ª, 8ª e 9ª, calquera en plantas Baixa e primeira, e zonas interiores onde non poida desenvolverse unha vivenda exterior.
- Terciario Xeral, Clase Recreativo e Reunión: Categoría 10ª, Tipos I a III, Categoría 11ª, Tipos I e II, e Categoría 12, Tipos I, II e III, calquera en plantas Baixa e primeira ou en sotos e semisotos vinculados á planta Baixa.
- Dotacional, Clase Educación: Categorias 1ª, 6ª e 7ª calquera en plantas Baixa e primeira ou en sotos e semisotos vinculados á planta Baixa.
- Dotacional, Clase Sociocultural: Categorias 8ª e 9ª.
- Dotacional, Clase Asistencial: Categorias 10ª e 11ª.
- Dotacional, Clase Sanitario: Categorias 12ª e 14ª, esta só en planta Baixa.
- Dotacional, Clase Servizos públicos, Categoría 15ª, agás incompatibilidade do uso específico.
- Dotacional, Clase Administración Pública, Categoría 16ª.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

### MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

As anteriores condicións de localización de usos Dotacionais son de aplicación para as de uso privado, podendo superar ditas limitacións se son públicas.

- Dotacional, Clase Relixioso: Categoría 17ª, plantas Baixa e primeira ou en sotos e semisotos vinculados á planta Baixa.
- Dotacional, Clase Deportivo; Categoría 19ª, plantas Baixa e primeira e zonas interiores onde non poida desenvolverse unha vivenda exterior.
- Industrial, Clase Industria Ordinaria: Categoría 1ª, plantas Baixa e primeira e zonas interiores onde non poida desenvolverse unha vivenda exterior. Clase Almacén Categoría 6ª en plantas baixa e inferiores.
- Garaxe-Aparcadoiro: Categoría 1ª en plantas Baixa ou inferiores.

#### 3 Usos Tolerados:

- Os existentes ata coas condicións de mantemento ou reforma do Artigo 9.3.4.

#### 4. Usos Permitidos en edificio independente:

- En tódalas rúas:
  - Residencial, Clase Vivenda, Categoría 1ª e Clase Residencia Categoría 3ª.
  - Terciario, Clase Hostaleiro: En Categorias 1ª, 2ª e 3ª.
  - Terciario Xeral, Clase Recreativo e Reunión: Categorias 10ª, Tipos I a III, 11ª Tipos I a III e 12ª Tipos I a III.
  - Dotacional en tódalas súas Clases e Categorias.
  - Industrial, Clase Industria Ordinaria: Categoría 1ª.
  - Garaxe-Aparcadoiro: Categoría 1ª e 2ª en plantas Baixa ou inferiores; e Categoría 2ª baixo espazos públicos nos termos do Artigo 5.7.18
- Nas rúas de ancho igual ou maior a vinte (20) metros.
  - Terciario, Clase Hostaleiro: Categorias 1ª, 2ª e 3ª.
  - Terciario Xeral, Clase Comercio: Categorias 1ª, 2ª, 3ª e 4ª.
  - Terciario Xeral, Clase Oficinas: Tódalas súas Categorias.
  - Terciario Xeral, Clase Recreativo e Reunión: Categoría 10ª Tipos I a V; Categoría 11ª Tipos I a IV e Categoría 12ª Tipos I a V.
  - Industrial, Clase Industria Ordinaria: Categoría 1ª.
  - Garaxe-Aparcadoiro: Categoría 1ª en plantas Baixa ou inferiores.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

### MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

Os usos Permitidos en edificio independente só poderán implantarse sobre soares existentes no momento da Aprobación Inicial do Plan Xeral ou para substituír edificacións que tivesen usos non residenciais nese mesmo momento.

Considérase que os usos Permitidos poden ser compatibles entre si coas seguintes limitacións:

- Usos terciarios todos compatibles entre si e cos industriais.
- Usos dotacionais, todos compatibles entre si e cos terciarios compatibles no mesmo edificio de uso Residencial.
- Usos industriais, todos compatibles entre si e cos industriais.

#### 5. Usos Prohibidos:

- Os restantes.

#### Artigo CAL.1-23. Espazos Libres Públicos / Viario

1.-A Ordenación Detallada, establece como Sistema Local de espazos Libres Públicos as seguintes parcelas, coa situación e superficie que a continuación se establece:

Couzada nº	Parcela nº	Superficie m <sup>2</sup>
M.1	P.2	82
M.2	P.1	580
V1	VIARIO*	387
<b>Total</b>		<b>1.049 m<sup>2</sup></b>

\* O viario local **V1** que figura nos planos de ordenación detallada, cunha superficie de 387 m<sup>2</sup>, prolóngase sobre a parcela M1-P3, e se continúa no ámbito da AOP-25 REISEÑOR-SAN ROQUE.

#### Artigo CAL.1-24. Cesións de uso de superficie

1. A ordenación detallada incorpora as seguintes superficies cuxas cesión de uso xa se produciron con motivo de licenzas anteriores ou se esixirán coa licenza da parcela P-1- M-1 da ordenación detallada:

Couzada nº	Parcela nº	Superficie m <sup>2</sup>
M.1	P.1 (c.s.)	297
M.1.	P.1. (soportal)	85



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

M.1	P.3	497
M.2	P.2	152
<b>Total</b>		<b>1.031 m<sup>2</sup></b>

2.- A urbanización e tratamento das parcelas anteriores pertencentes ao Sistema Local de espazos Libres, deberá axustarse ás determinacións dos Artigos do Capítulo 7.3 das Normas Urbanísticas, especialmente os comprendidos entre o 7.3.4 y el 7.3.9., coas mesmas características que o Proxecto de Urbanización do Polígono 11 do PERI do Calvario (Expediente 4623/401) aprobado definitivamente o 22 de xuño de 2009.

### **Artigo CAL.1-25. Aparcamientos públicos.**

1. A reserva de prazas públicas equivalentes ao 25 % do total de prazas esixidas por aplicación do Artigo 47.2.c) da Lei 9/2002, resólvense no Distrito 4, como se comproba no documento de Modificación Puntual nº 10 do PXOM.

### **Sección 4ª Desenvolvemento da Ordenación Detallada**

#### **Artigo CAL.1-26. Condicións para o Proxecto de Urbanización.**

1. O Proxecto de Urbanización, ademais das condicións e determinacións que corresponde, e de estar regulado na Normativa Urbanística, deberá establecer as condicións precisas que se citan no artigo anterior co fin de garantir o número de prazas públicas de aparcamento e o número de elas que responden ás Condicións de Accesibilidade establecidas na Lei e Regulamento.
2. No deseño das Zonas Verdes, e Sistemas Locais, deberá cumprir as Condicións de Accesibilidade definindo itinerarios que cumpran coas determinacións normativas vixentes.
3. Así mesmo o Proxecto de Urbanización que desenvolva este ámbito deberá establecer os alcorques necesarios para a plantación de árbores seguindo a definición dos viarios recollidos na presente Ordenación.

#### **Artigo CAL.1-28. Sistema de Actuación e Prazos de Desenvolvemento.**

1. Segundo se establece na Ficha do APR A-4-09, o Sistema de Actuación previsto para o desenvolvemento da mesma é o de Compensación.
2. Así mesmo, os prazos para o desenvolvemento son os determinados pola Ficha del APR. A actuación está prevista para o primeiro cuatrienio, neste caso desde a aprobación da Modificación Puntual nº 10 do PXOM.





## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

### **Artigo CAL.1-29. Conservación da Urbanización.**

1. No desenvolvemento e xestión do presente ámbito, os propietarios dos solares resultantes da equidistribución deberán constituírse en entidade urbanística de conservación nos termos do apartado 6 do artigo 110 da Lei 9/2002 e o artigo 2.3.5 das Normas Urbanísticas.

2. O prazo mínimo para o mantemento e conservación da Urbanización por parte da entidade que se estableza será o establecido con carácter xeral para todos os desenvolvementos do Plan Xeral no citado artigo 2.3.5, coas diferentes fases segundo os elementos a conservar.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

### III. PONDERACIÓN ENTRE USOS PORMENORIZADOS.

De acordo cos criterios establecidos na Memoria da presente Ordenación Detallada, así como o disposto nas Ordenanzas Específicas da mesma, o único Uso Pormenorizado contemplado na mesma é o seguinte:

- Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª (100% Vivenda Libre)

De acordo co disposto na Memoria Xustificativa do PXOM (en base ao disposto na lexislación vixente), a Ficha de Características establece que os ámbitos que prevén a existencia de uso residencial como uso global (sexa cal sexa a tipoloxía característica), teñen que ter, o coeficiente 1.

Neste caso, por non haber ningunha reserva de edificabilidade para vivendas de protección e non proxectarse ningún outro uso pormenorizado distinto do residencial libre non é preciso calcular ningún coeficiente de subponderación.

USO PORMENORIZADO		COEFICIENTE
Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª	Libre	1



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

### IV. DETERMINACIÓN, NO SEU CASO, DOS POLÍGONOS

A dimensión superficial do ámbito e as condicións establecidas para a ordenación, aconsellan non facer división de polígonos, sendo pois o polígono para a execución coincidente coa delimitación da Area de Reparto.

De acordo co exposto na Memoria Xustificativa, soamente establécese un Polígono na presente APR-4-09.

O aproveitamento tipo fixado no PXOM é de 2,682 m<sup>2</sup>c /m<sup>2</sup>s, do uso e tipoloxía característica.

O aproveitamento tipo resultante de aplicar á ordenación detallada en función dos coeficientes de ponderación de cada uso contemplado é o seguinte:

Residencial, Clase Vivenda Libre, Categoría 2ª	= 3.750 m <sup>2</sup>	x 1	= 3.750 m <sup>2</sup> c
<b>TOTAIS</b>	<b>3.750 m<sup>2</sup></b>		<b>3.750 m<sup>2</sup>c</b>

Aproveitamento tipo da presente Ordenación Detallada (APR-4-74):

**AT** = 3.750 (m<sup>2</sup>c equival.): 1,398 m<sup>2</sup> (Sup. Computable) = **2,682 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup>**

Xa que logo, o AT da presente Ordenación Detallada ven ser completamente coincidente co Aproveitamento Tipo fixado no PXOM para este ámbito de planeamento.



### V. CRITERIOS SEGUIDOS PARA A IMPLANTACIÓN DOS SERVIZOS.

#### 1 **Introdución**

No presente documento defínense e valoran as infraestruturas correspondentes ás diferentes redes de servizos urbanos a implantar na área denominada:

- APR-4- 09 CALVARIO 6

Se ben na definición de redes consideráronse soamente as establecidas como servizos básicos no PXOM, a valoración das infraestruturas realizouse de acordo aos capítulos habituais nos proxectos de obras de urbanización, isto é incluíndo os seguintes capítulos:

- Movemento de Terras. Demolición.
- Pavimentación e sinalización.
- Abastecemento de Auga Potable.
- Saneamento. Pluviais y Residuais.
- Alumeado Público.
- Enerxía Eléctrica.
- Canalización de Telecomunicacións.
- Distribución de Gas.
- Xardinería, Rego e Mobiliario Urbano.

#### 2 **Obxecto**

O presente capítulo de Infraestruturas da Área de Ordenación Detallada de CALVARIO 6 ten como obxecto describir as redes de servizos urbanos existentes no contorno, estimar as demandas que xerará a urbanización do ámbito e propoñer solucións infraestruturais que atendan as ditas demandas.

Trátase de, a partir das redes existentes ou programadas e da estimación das novas demandas que xerará a urbanización do ámbito, resolver a adecuada conexión, ampliación ou reforzo de todas e cada unha das redes básicas de servizos urbanos.

O proxecto de urbanización definirá mediante proxectos específicos de obras estas conexións.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

### MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 / DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

O proxecto de urbanización terá en conta o conxunto das determinacións gráficas e escritas contidas no presente documento adaptando as solucións ao orde cronolóxico de execución das obras de desenvolvemento de cada área. O proxecto de urbanización será unitario puidéndose definir fases para a súa execución e desenvolvemento.

De acordo co disposto na ficha de xestión do PXOM, a urbanización deste ámbito deberá coordinarse co colindante en solo urbano consolidado AOP-25 REISEÑOR-SAN ROQUE, cuxo proxecto de urbanización conxunto deberá tomar como referencia o proxecto de urbanización do Polígono 11 do PERI CALVARIO (Exp. 4623/401) aprobado definitivamente o 22 de xuño de 2009.

O proxecto de urbanización poderá proceder ao reaxuste e definición daqueles parámetros de servizos e infraestruturas que non afecten a determinacións de ordenación, réxime de solo ou a edificación.

As cotas de rasante previstas para a rede viaria poderán axustarse se as características do saneamento así o requirisen.

### **3 Delimitación do ámbito. Caracterización**

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo establece as Áreas urbanísticas de Ordenación Detallada [AOD's], co obxecto de garantir a adecuada inserción dos novos sectores urbanizables ou ámbitos de reurbanización na estrutura da ordenación urbanística municipal.

O ámbito do que se desenvolven as súas infraestruturas neste epígrafe concerne a Área de Ordenación Detallada de CALVARIO 6. O ámbito de actuación, ten unha superficie total de 2.378 m<sup>2</sup> (0,23 Ha), e está detalladamente delimitado nos planos de ordenación adxuntos.

### **4 Infraestruturas existentes**

Inclúense neste apartado a descrición e situación das redes de infraestruturas existentes no ámbito de ordenación e o seu entorno.

